



CITAS



Citar texto dunha fonte

- Un texto pode utilizarse
 - indirectamente, é dicir, facendo referencia a un texto ou
 - directamente, ou sexa, citando un fragmento do mesmo.
- Cando se inclúe unha cita, o contido do texto fonte mantense igual que no texto orixinal:
 - A mensaxe do texto non se debe distorsionar nin cambiar o ton. Ademais, a cita debe limitarse a un fragmento e a incorporación do mesmo só pode realizarse cunha fin docente ou de investigación. Sempre debemos indicar o nome do autor e a fonte da que obtivemos o fragmento.

Referencia ou cita indirecta

- Unha referencia consiste en expresar unha cousa ou contido coas túas propias palabras.
- Ao facer unha referencia, é importante entender ben de que trata o texto.
 - Por exemplo:
 - Manuel di que o plaxio é ilegal.*
 - Segundo Manuel, o plaxio é ilegal.*
- Ao facer unha referencia a un texto orixinal non se deben facer valoracións.
 - Manuel cre [mais non o sabe con seguridade] que o plaxio é ilegal.*

Cita directa

- Unha cita directa significa escribir o texto orixinal ao pé da letra.
- Unha cita directa márcase entre comiñas.
- Unha cita directa debe limitarse a un fragmento dunha obra xa divulgada, debe realizarse sempre con fins docentes ou de investigación e debe indicarse o nome do autor e a fonte.

– Por exemplo:

Manuel di: «O plaxio é ilegal».

«O plaxio é ilegal», di Manuel.

Cita permitida

1. Poden empregarse citas, cumprindo os requisitos sinalados, de natureza escrita, sonora ou audiovisual, así como a de obras illadas de carácter plástico ou fotográfico figurativo, sempre que se trate de obras xa divulgadas.
 - A extensión da cita debe limitarse a un fragmento e na medida xustificada polo fin desa incorporación.
2. A cita debe ter unha relación pertinente co propio texto.
 - A cita ilustra ou aclara o asunto que se está tratando.
3. Lembra indicar o autor e as fontes!



Plaxio

- Se
 - citas outro texto sen indicar a fonte ou o seu autor
 - reivindicas o outro texto como teu,
- O plaxio doutra obra, é dicir, a reprodución non autorizada, vulnera os dereitos do autor da obra.

